



CEIP CANOSA-RUS

**TAREFAS 18 AO
24 DE MAIO**

**3ºA E 3ºB DE EDUCACIÓN
PRIMARIA**

MOITO ÁNIMO A TOD@S!

**UNHA APERTA MOI FORTE
DAS VOSAS PROFES
SARA, SUSANA E CRIS!**



Proposta de actividades a realizar polo alumnado de 3ºA e 3ºB para a semana do 18 ao 24 de maio

Nenas e nenos de terceiro: Pasamos o ecuador de maio e xa queda menos para vernos. Aínda así, temos que **SEGUIR NA CASIÑA!**

Continuamos recordándovos cousiñas...

- ✓ Todos os luns entre as 9.00h e 10.00h da mañá colgaremos un novo pdf na páxina web con tarefas e indicacións semanais. Lembra de ver os pdf tamén das especialistas: inglés, educación física, música e relixión. **Fixádevos ben a que correos electrónicos debedes enviar os vosos traballiños.**
- ✓ De momento seguiremos alternando traballos que podemos facer cos libros de texto que tedes na casa e traballos con outros recursos que non sexan os libros (fichas, páxinas de internet, creación, etc...), sempre intentando que as actividades as poidades facer coa maior facilidade e autonomía posible e sen que teñades que imprimir nada.
- ✓ Haberá outras actividades que podedes enviar de modo voluntario para colgar nos diferentes blogs. Se vos apetece tamén nos podedes enviar algún traballiño que teñades interese que vexamos: un debuxo, unha tarefa moi ben organizada e escrita... Por certo, tamén podedes enviar algunha foto coas vosas mascotas ou outros animais que coidades, coas vosas árbores froiteiras, coas sementes que botaches... No caso de que nos enviades estas fotos, é conveniente que os vosos pai ou a nai, a través do Abalar, nos autorice a utilizalas para subilas aos nosos blogs escolares e vídeos que se vaian facendo.

Como me podo organizar?

- ✓ Debes intentar traballar diariamente, establecendo un horario. É recomendable que os luns, cando chegan as tarefas, organices o traballo nese horario para saber o que vas facer cada día. **É mellor que vaías facendo as tarefas pola mañá, e así quédache a tarde libre para o que queiras.** Ánimo! Sabemos que xa o estás facendo xeniall.
- ✓ Fai o que poidas. Se tes algunhas dúbida podes preguntarnos a través do Abalar ou do correo electrónico de cada mestra. Cada titora e cada especialista temos un correo electrónico diferente e resolverémosvos todas as dúbidas que poidamos. Tamén podemos manter contacto telefónico cando sexa preciso.
- ✓ Se aínda así tes dificultades, non te preocupes. Xa o aprenderemos á volta. **É moi importante ir amodo e facendo o traballo ben presentado, con boa caligrafía e revisando. Estamos observando que nisto fallades un pouquiño.**
- ✓ **DEBES IR ARQUIVANDO TODO O TRABALLO QUE LEVAS FEITO. VERÉMOLO CANDO RETOMEMOS AS CLASES NO COLE.**
- ✓ Lembra: sería bo que che pregunten a táboa todos os días! Así conseguirás memorizala!
- ✓ Le moito (uns 20 minutos ao día como mínimo sería o recomendable) e xoga tamén todo o que podas coa túa familia.
- ✓ Colabora coa túa familia nas tarefas da casa que poidas facer.
- ✓ Se vives nunha casiña con horta, observa a natureza, axuda a plantar produtos hortícolas, aprende moito de plantas e dos animais... Se queres, podes comunicarnos aos nosos correos sobre algo que aprendas estes días relacionado con estes temas. Estamos desexando saber cantas cousas podedes descubrir!

IMOS XA COAS NOVAS TAREFAS

LINGUA GALEGA

1ª sesión: Vaite á páxina 133 do tema 10 e prepara os ditados do exercicio 5. Despois, que alguén cho dite e, por último, comproba ti mesmo se o fixeches ben e podes corrixilos en boli vermello, a ver que tal che saíron!

2ª sesión: Lectura do conto *As pitas baixo a choiva*, unha adaptación dun contoiño de Carvalho Calero. Tes unha ligazón na ficha que se xunta (marco ). Hai algunhas palabras que che poden resultar difíciles. Xa sabes, búscasas no dicionario <https://academia.gal/dicionario>. Escribe a palabra que descoñezas onde pon: INSIRE UN TERMO, dáslle á lupa e xa che aparece o significado.

3ª/4ª sesión: Fichas de comprensión de *As pitas baixo a choiva* (marco ). Copia as actividades no teu caderno.

Se queres podes seguir traballando nas actividades interactivas de <http://www.seminariogalan.org/>

Alguns dos vosos contos, poemas... están publicados en diferentes blogs, incluído <https://ventevindo.wordpress.com/>

Logo poderedes ver un vídeo coas vosas producións.

LENGUA CASTELLANA

1ª sesión: Esta semana vamos a terminar de repasar la ortografía "mp, mb". Ve al tema 10, a la página 141. Haz los ejercicios 4, 5, 6 y 7. El 6 es un dictado, así que hazlo como siempre, prepáralo bien, que alguien te lo dicte y después te autocorriges. Incluso puedes coger el boli rojo, para marcar los errores. Espero que no tengas nada en rojo!.

2ª sesión: Lectura eficaz número 2: *La Bruja Mala*, comprensión y actividades (con marco ✨). Debes de leer el texto varias veces en voz alta y **una tarea que os proponemos para esta semana es grabarte leyendo este texto con una entonación adecuada desde el principio hasta la palabra "pasado" y enviárnoslo al correo.**

3ª sesión: En este enlace tienes el cuento que debes leer esta semana (aunque también puedes leer el resto): *Mura, La Cangura* porque la semana que viene vas a contestar a unas preguntitas.

https://issuu.com/grupoanayasa/docs/bc00436801_animalesenpeligro

Ya sabes que si desconoces alguna palabra, puedes buscarla en el diccionario. Puedes utilizar el ordenador y buscarla en la página de la Real Academia Española: <https://www.rae.es/> ¿Lo has intentado ya?

ACTIVIDADE GLOBALIZADA (CIENCIAS NATURAIS - PLÁSTICA - LINGUA GALEGA)

Esta semana propoñémosvos que sexades investigadores/as! Vai ser moi divertido! Fíxate na ficha que se xunta e entenderalo (co marco ).

Entrega: enviar foto do cartel que elaboraches sobre a protección das abellas.

Se construíches unha trampa, tamén nos podes mandar unha foto (voluntariamente).

MATEMÁTICAS

Seguir repasando las tablas de multiplicar todos los días.

Hacer en la libreta las fichas (con el marcc ). Recuerda que no es necesario que imprimas.

Los problemas debes de leerlos varias veces y si puedes, explícalos en voz alta. Copia los datos, después resuelve y finalmente pon la solución.

Cuando termines, revisa.

Esta semana como novedad vamos a hacer una actividad de divisiones interactivas! Tenéis que acceder a este enlace y leer muy bien la explicación. La entrega de la tarea se hace directamente desde la ficha. Si sale bien, pondremos más fichas de este tipo de otras materias en las próximas semanas. ¡A jugar!

<https://losdimitosmasgrandes.blogspot.com/2020/05/fichas-interactivas-comezamos-con-mate.html>

RESUMO DAS TAREFAS PARA ENVIAR ESTA SEMANA

LINGUA CASTELÁ: Audio coa lectura de *La bruja mala*.

ACTIVIDADE GLOBALIZADA (CIENCIAS NATURAIS - PLÁSTICA): Cartel "Salvemos as abellas".

MATEMÁTICAS: entrega da ficha interactiva do blog (de proba).

OPCIONAIS (PLÁSTICA): Foto da trampa.

RESUMO DE TAREFAS DE ESPECIALISTAS PARA ENVIAR ESTA SEMANA

INGLÉS: ver actividades indicadas para enviar no pdf de inglés na páxina web. Envialas ao correo de Elena: elena.tareas.2020@gmail.com

EDUCACIÓN MUSICAL: ver as actividades indicadas para enviar no pdf de Educación Musical na páxina web. Envialas ao correo de Sara: tareas.sara@gmail.com

LEMBRA

3ºA: para as tarefas de Lengua Castellana, Lingua Galega, Plástica e Valores Sociais e Cívicos (Cris): tarefascristerceiro@gmail.com

Para as tarefas de Matemáticas, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Música (Sara): tarefas.sara@gmail.com

3ºB: o correo de Susana é: tarefassu@gmail.com

OUTRAS COUSIÑAS

Gustaríache aprender a escribir rápidamente no teclado? Pois se queres, podes practicar mecanografía! Estes enlaces pódennche valer.

<http://juegosdemecanografia.com/juegos/rapido-con-las-letras/>

<http://www.interdidactica.es/index.php?lan=es&game=me035>

<http://juegosdemecanografia.com/juegos/cuidado-con-las-brujas/>

RECOMENDACIÓN DE LEOTECA!!! E se queredes ler outros libros na seguinte ligazón podedes acceder a moita variedade de lecturas.

<https://bibliocanosa.blogspot.com/2020/05/libros-na-distancia.html>

Moitísimo ánimo nenas e nenos! Xa queda menos para vernos. Botámosvos moitísimo de menos! Unha aperta moi grande de:

Susana, Sara e Cris.

#todovaisairben

#quedanacasa



AS PITAS BAIXO A CHOIVA

Le o conto de Carvalho Calero (adaptado nesta ligazón:

<https://www.slideshare.net/cheloav/as-pitas-baixo-a-choiv-a-para-blog>


Despois responde. Fai as actividades no teu caderno.

COMPRESIÓN


1. Que personaxes interveñen no conto?
2. Onde pasaba o verán o neno?
3. De que se alimentaban as galiñas?
4. Que miraba o neno desde a xanela?
5. Que fixo cando empezou a chover?
6. Que día da semana o visitaba o pai?
7. Onde pasaba moito tempo o neno?
8. Como lle axudaban os familiares?
9. Que lle pasou á avoa?
10. Como remataron todos?
11. Quen escribiu este conto?

OUTRAS ACTIVIDADES SOBRE O CONTO

Exercicio 1: Completa este cadro. É unha actividade de repaso.



	PRINCIPIA	FINALIZA
PRIMAVERA		
VERÁN		
OUTONO		
INVERNO		



Exercicio 2: Nalgúns lugares de Galiza aínda se segue utilizando a forma galego-portuguesa para denominar os días da semana:

Segunda-feira, Terça-feira, quarta-feira, quinta-feira, sexta-feira, sábado, domingo.

LUNB	MARTEB	MÉR.	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMIN.
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

SF	TF	QF	QF	SF	SÁBADO	DOMIN.
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

Hoxe é segunda-feira

Relaciona:

- | | |
|----------|----------------------|
| Luns | Cuarta feira |
| Martes | Quinta feira |
| Mércores | Sábado |
| Xoves | Terza/terceira feira |
| Venres | Segunda feira |
| Sábado | Domingo |
| Domingo | Sexta feira |

Exercicio 3: Enumera as diferenzas que hai entre unha cabuxa e un can.



⇒ Cabuxa



⇒ Can

Exercicio 4: Localiza no debuxo as partes do ovo que indican: casca, clara ou albume e a xema.



1) _____


2) _____

3) _____



Exercicio 5: Completa coa súa correspondente onomatopea (palabra que se forma imitando sons reais):

Animal	Onomatopea
Galo	Quiquiriquí
Gribo	Cricrí
Gato	
Rá	
Cuco	
Can	
Vaca	



Exercicio 6: Adiviña:

Son branca coma o papel

E fráxil coma o cristal

Todos me poden abrir

Ningún me pode pechar.

#todovaisairben

#quedanacasa

LECTURA Y COMPRENSIÓN

LA BRUJA MALA

Érase una vez un joven matrimonio que vivía en un pueblo. Eran ricos y nada les faltaba. Tenían, además, un hermoso bebé que era admirado por todos sus vecinos a causa de su belleza.

Un día, la madre estaba con su hijito sentada a la sombra de un fresno cuando se le acercó una vieja feísima.

-¿Me deja que la peine? -le preguntó.

-No, no lo necesito -respondió amablemente la mujer.

-Yo creo que sí, pues está completamente despeinada -insistió la vieja-, y no le vendría nada mal que le diese algunos retoques a su peinado.

-Ya que insiste tanto, hágalo -dijo resignada la mujer.

Pero aquella vieja era en realidad una bruja y aprovechó el momento de pasarle el peine por la cabeza para clavarle a la joven un alfiler de color negro en el cogote. Al instante, la joven se convirtió en paloma y salió volando. Y la vieja se sentó a la sombra del árbol con el niño en su regazo como si nada hubiese pasado.

Algunos vecinos pasaron por allí, la miraron extrañados y le preguntaron quién era. Ella les respondía que era la madre de

aquel hermoso niño, pero nadie la creía porque todos sabían que la madre era una hermosa joven.

Sin embargo, la vieja insistía en decir que ella era la madre del niño y se defendía contándoles que una bruja, que la odiaba a causa de su juventud y belleza, la había afeado y envejecido.

Tanto insistió que terminaron creyéndola y la acompañaron a su casa, donde vivió algún tiempo como si fuese la verdadera dueña de la casa.

Casi cada día una hermosa paloma blanca iba a posarse en uno de los árboles del jardín. El señor de la casa la vigilaba para atraparla, pero la bruja trataba de quitárselo de la cabeza por todos los medios.

Afortunadamente un día el hombre consiguió atrapar la paloma. La estaba acariciando cariñosamente cuando se dio cuenta de que tenía algo en su cabeza.

En efecto, cuando la observó más detenidamente vio que la paloma tenía clavado un alfiler negro en el cogote.

Se lo sacó y al momento la paloma se convirtió en una hermosa joven, a quien el hombre reconoció enseguida como su mujer.

Cuando la joven contó lo sucedido, apresaron a la vieja bruja y, arrastrándola hasta la plaza del pueblo, la quemaron viva.

Desde entonces todos vivieron felices en aquel lugar sin la presencia de la vieja y malvada bruja.

COMPRESIÓN

EJERCICIO 1 : Señala la respuesta correcta:

1. La madre estaba con su hijo sentada
A en la puerta de casa
B a la sombra de un roble
C a la sombra de un fresno
2. Se acercó una vieja
A feísima
B antipatiquísima
C muy rara
3. La vieja quiso
A arreglar el pelo de la joven
B ponerle una horquilla a la joven
C acariciar a la joven
4. La vieja clavó a la joven
A un alfiler rojo
B una aguja negra
C un alfiler negro
5. ¿Dónde se lo clavó?
A en la frente
B en el cogote
C en la nuca
6. El alfiler era
A de hierro
B mágico
C de cristal
7. La joven quedó convertida en
A una paloma gris
B una gaviota blanca
C una paloma blanca
8. La vieja hizo creer a todos que ella era
A la madre del niño
B una hada buena
C una hermosa muchacha

9. La paloma se posaba en los árboles del jardín
- A cada primavera
 - B todas las mañanas
 - C todos los días
10. ¿Quién le desclavó el alfiler?
- A el padre del niño
 - B la bruja
 - C el niño

EJERCICIO 2: Encuentra la letra que sobra en cada palabra.

matrimonio	hermosto
parloma	alrfiler
briuja	peinear
jarodín	árbioles


EJERCICIO 3: Descifra este mensaje sirviéndote de la clave. Las letras que faltan tendrás que adivinarlas.

☹️ 🌙	😊 ✨ ★ 🙉 ✨	👤 📄 🙉 🌸 ✨
🔹 ✨ ✨ ★ 🙉 🏠 🌀 📄 🌙	🙉 ✨	🗑️ 🌙 📄 ✨ 🎯 🌙

☾ = a	☹ = e
** = n	😊 = j
☀ = o	👉 = u
◇ = c	🌸 = d
★ = v	⚔ = t
◎ = m	♥ = i

EJERCICIO 4: Rodea las palabras que sobran en cada frase.

- a) El joven matrimonio tenía un hermoso y delgadito bebé.
- b) La madre, triste y cansada, estaba sentada con su hijito a la sombra de un fresno.
- c) Una vieja muy sonriente y feísima se le acercó.



CIENCIAS NATURAIS / PEQUENAS INVESTIGACIÓNS / ACTIVIDADE PLÁSTICA

Investiga a importancia das abellas e que insecto está acabando con elas.
Depois debuxa ti un cartel moi bonito para que salvemos as abellas.

- Importancia das abellas: <https://www.youtube.com/watch?v=546MGIStbU>
- Avespa asiática: <https://www.youtube.com/watch?v=edu8gElzAmw>
<https://ventevindo.files.wordpress.com/2017/03/presentacic3b3n-avespa-asic3a1tica-pdf.pdf>
- Este é un video que gravaron os nenos e nenas que actualmente están en cuarto, e nese momento, en primeiro: <https://www.olloboi.com/projects/a-invasion-da-avespa-velutina/>

ACTIVIDADES

1. Busca ti máis videos sobre a importancia das abellas e escribe en tres liñas máis ou menos, as razóns polas que debemos protexelas.


Debemos protexer as abellas porque

2. Busca algún vídeo de como construír unha trampa para cazar avespas velutinas. Escribe de forma clara como farías unha. Lembra poñer, 1º, 2º, ...
3. Se tes quen che axude na casa constrúe ti unha e cólgaa nalgunha árbore froiteira. Dinos tamén que produto introduciches na trampa

para cazar as velutina. Fai unha foto da túa trampa que se vexa onde a colocaches. Se che queda bonito, envíanolo.

4. Inspirándote nesta ilustración, elabora ti un cartel para animar a todo o mundo a coidar as abellas.

Podes facer este traballíño nun folio, nunha cartolina...utilizando o material que ti queiras. Se che queda moi bonito, envíanolo.



#todovaisairben

#quedanacasa

MATEMÁTICAS - PROBLEMAS

Ejercicio 1: Agustín tiene que colocar 57 fotos en 6 álbumes iguales. ¿Cuántas fotos colocará en cada álbum? ¿Cuántas sobrarán?

Ejercicio 2: Yo tengo 10 años y mi tía el doble que yo. ¿Cuántos años tiene mi tía?

Ejercicio 3: En una bandeja tenemos 6 pescados. Queremos servir 2 pescados en cada plato. ¿Cuántos platos necesitamos?

Ejercicio 4: En una caja roja hay 35 canicas y en la caja azul 57. Cojo 19 de la azul y las pongo en la caja roja. ¿Cuántas canicas hay ahora en cada caja?

Ejercicio 5: En una cesta hay 15 manzanas. Se empaquetan en bolsas de 5 manzanas cada una. ¿Cuántas bolsas se necesitan?

Ejercicio 6: Un trabajador de Media Markt vende dos televisores y un Frigorífico por 1.265€. Si cada televisor vale 349 €. ¿Cuántos euros vale el Frigorífico?

Ejercicio 7: Juan y María juegan a las canicas. Juan tiene 8 canicas y María el triple que Juan. ¿Cuántas canicas tiene María?

Ejercicio 8: Si un coche recorre 80 kilómetros en una hora, ¿cuántos recorrerá en cuatro horas?

MATEMÁTICAS - CÁLCULO

Ejercicio 1: Escribe la cantidad de dinero que hay en cada fila

$$2 \text{ €} + 50 \text{ €} + 24 \text{ €} + 6 \text{ €} = \text{-----}$$

$$100 \text{ €} + 60 \text{ €} + 30 \text{ €} + 8 \text{ €} = \text{-----}$$

$$500 \text{ €} + 200 \text{ €} + 50 \text{ €} + 2 \text{ €} = \text{-----}$$

$$300 \text{ €} + 100 \text{ €} + 80 \text{ €} + 40 \text{ €} = \text{-----}$$

Ejercicio 2: Completa estas operaciones para que sean correctas:

$$2 \times \text{---} = 16$$

$$\text{---} + 25 = 50$$


$$\text{---} - 520 = 343$$

$$\text{---} \times 16 = 144$$

$$25 : \text{---} = 5$$

$$72 : 8 = \text{---}$$

Ejercicio 3: Completa:



Realiza las siguientes operaciones:

$787 + 54 + 9.321 =$	$2 + 5.214 + 33 =$	$1.257 + 99 + 674 =$
$5.214 - 945 =$	$362 - 84 =$	$8.579 - 2.336 =$
$956 \times 26 =$	$1.374 \times 94 =$	$642 \times 81 =$
$6.894 : 4 =$	$7.246 : 5 =$	$10.240 : 4 =$
Prueba:	Prueba:	Prueba:



Esta semana como novedad vamos a hacer una actividad de divisiones interactivas! Tenéis que acceder a este enlace y leer muy bien la explicación. La entrega de la tarea se hace directamente desde la ficha. Si sale bien, pondremos más fichas de este tipo de otras materias en las próximas semanas. ¡A jugar!

<https://losdimitosmasgrandes.blogspot.com/2020/05/fichas-interactivas-comezamos-con-mate.html>